

# A Caixa



A Caixa

*Mercedes Gallego Esperanza*

## A CAIXA I

Agora, a piques de perder a gatunidade, medio torto e case sen orellas, decidín amainar un pouco e adicar algún tempo a dictarche as miñas memorias. Baseándome no moito que te quero e que me queres sei que imos formar un bo equipo e que nos imos entender. ¿Que non téis experiencia nestas cousas? Eu tampouco, pero xa verás que ben o imos pasar. Vas levar unha sorpresa comigo ¿unha sorpresa?, ¡un cento de sorpresas!, así que che conte a miña vida non vas ter adxectivos para definirme e vas esquecer o de áspero e mandón con que me defines sempre diante da xente. ¿Que tamén me das mecos? ¡xa o sei!, tantos que ás veces teño que fuxir porque me da vergonza. Entre ti e eu vale, pero ante os de fóra prefiro dar a imaxe de áspero que a de mexiriqueiro. Disfruto aparecendo cando téis unha visita porque sempre fan algún comentario sobre a miña presenza e ti sempre lle dis o mesmo, este é o

Froilán, é tan malo e esquivo, que so trata conmigo, e pouco. ¡Que orgullo para min!, xa me ía feliz ó meu canto preferido.

Ben, imos deixarnos de lerias e entrar xa nas memorias que estou inqueda, veña, empeza a escribir.

Inda que non sexa o mais apropiado para un gato que quere deixar unhas memorias, teño que comezar recoñecendo que non me acordo onde nacín nin de que cor eran os meus país. Polo tanto non sei de quen herdei a miña bonita pel branca coas manchas amarelas nin tampouco sei quen me transmitiu o xene maldito que fai que me escozan as orellas e que se me poñan por temporadas cheas de feridas e bostelas. Ti falache cun veterinario, ¡valgame Deus!, deuche unha pomada que inda mas puña peor, e eu aguantando para darche gusto. Despois vendo que iso non daba resultado consultaches con outro, ¡valgame o demo! deume unhas pastillas que levaban algo de iso que os humanos chamades cortisona. Ti metí-asmás na miña comida preferida e eu tragabaas unhas veces porque non me decataba e outras

por non levarche a contra, o resultado foi que as orellas continuaron igual e eu púxenme cuns quilos de mais ¿que esaxero? Pois si queres que cho diga en gramos temos que engadir varios ceros. Ben, o caso e que a esta historia si tu non lle pos fin por compaixón, non acababa ahí, pois os “galenos” animalísticos daban orde de cortarme as orellas chegado o caso. Non foi así e hoxe estou vello, ben, non tan vello, pero nunhas memorias xa se sabe que e mais crible o de vello e medio torto, ben, non tan torto -so unha alerxia que de vez en cando, me pon medio lagañento- pero con orellas, inda que os que non me coñecen cando me ven por primeira vez din que lles da certo arreguizo. Amólame que miren para min e que fagan comentarios sobre as miñas malditas orellas e que ti lles contes sempre a mesma historia.

Pero ben volvamos ó principio, en que non sabia quen eran os meus pais, nin onde nacín. Onde empezo a recordar e cando ía metido nunha caixa as escuras asustado e mareado e cando me sacaron dela nunha casa e un neno empezou a sobar en min. Pola noite o neno

queríame levar con el a cama pero non o deixaron e pecháronme na cociña, e alí chorei e votei de menos o calor de esa nai que non lembro. A mañá seguinte o neno xogou moito comigo, case ata deixarme medio apampado, o avó dicíalle:

-Neno deixa o gato que si o colles tanto non medra, amorríñase.

Pero o neno non se cansaba do seu xoguete novo, si xoguete, o tempo me ensinaría que entrei nesa casa non como un gato vivo senón como un xoguete.

Mentres lle duraron as vacacións ó neno todo foi indo, eu como era noviño disfrutaba a maioría das veces cos xogos do rapaz que o final xa se ía cansando de min.

Cando empezou o colexio eu conseguín descansar un pouco dos apreixos do rapaz, pero os maiores empezaron a mirarme mal e a dicir que si enredaba moito, que si me subía alí, que si me enganchaba no outro lado, que si tal, que si cal. Logo xa me deixaban metido na bañeira para que -segúndo eles- non lles estragara

a casa ¡xa ven! ¡ un pobre gatiño estragando unha casa!. Que frío, que triste, canto chorei. Ó chegar o neno do colexio sacábame de alí, pero cada vez esquecíase mais a miúdo, que si o fútbol, que si as actividades extraescolares, o rapaz estaba canso .

O avó, un vello rabechudo, cada día me atopaba mais defectos, tíñame a guerra declarada, de tal maneira que cando me sacaban da bañeira eu empezaba a esconderme polos cantos, facéndome noxento ós ollos de aquela familia. Este episodio da bañeira marcóume moito, ata tal extremo que ti sempre dis que teño o trauma da bañeira porque cando vexo unha non podo evitar ir a cheirar o que hai dentro e algunha cousa mais que xa contarei o seu debido tempo. Fágoo porque teño medo que se atope alí un gatiño pequeno sufrindo.

Un bo día –non sei porque digo o de bo– notei que na casa todos me empezaron a mirar moito e a falar mais, falaban de min, que a ver que se facía co gato nas vacacións, que a quen se lle ocorre traer un gato a un piso, que a ver agora que facer, eu miraba para o neno como a

miña táboa de salvación, pero o neno xogaba coa Nintendo, o seu novo xoguete. Cando pola noite estaba metido na bañeira e case as escuras e en silencio, eu rabuñaba para saír, inda que as veces me podía ó medo e só pedía que me deixaran seguir vivindo na soidade da miña bañeira.

Un domingo apareceu o avó rabechado a comer, a min, non recordo porque, me deixaron andar entre eles o que serviu para sacar o tema de que facer co gato agora que veñen as vacacións. Uns dicían que deixarme na estrada, outros que tirarme ó río, ata que o avó atopou a solución.

Continuará...